

INFORME DE RESULTADOS

Enquisas de avaliación do ITINERARIO
FORMATIVO
virtual en xénero (9ª edición)

Unidade de Igualdade


Universidade de Vigo

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Datos de participación no itinerario formativo virtual en xénero.	4
a. Sexo das persoas participantes	5
b. Vinculación coa universidade	7
3. Valoración de diversos aspectos do Itinerario	9
a. Duración das actividades formativa.....	9
b. Avaliación da utilidade da actividade.....	10
c. Grao en que cumpriu as expectativas	10
4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma Moovi.....	11
a. Valoración da estrutura do MOOC	11
b. Valoración da Plataforma Moovi	11
5. Cualificación xeral do itinerario.....	12
6. Conclusións finais e respostas abertas.....	12
a. Respostas abertas.....	13
b. Comentarios dos alumnos.....	14

1. Introducción

Na súa novena edición, o [Itinerario Formativo Virtual en Xénero](#) consolídase como unha fonte clave de coñecemento e formación en cuestións de xénero para a comunidade universitaria. Este programa formativo, deseñado e impartido por un equipo de profesionais con ampla experiencia e especialización en temas de xénero, é unha iniciativa promovida pola Unidade de Igualdade. O IFVX é posible grazas ao apoio financeiro da Secretaría Xeral de Igualdade e ao financiamento do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, asegurando así unha oferta educativa ampla, de calidade e de relevancia social.




Novas leis para atallar as violencias machistas
(1ª ed.)

Na súa novena edición, desenvolvida entre o 16 de outubro e o 3 de decembro de 2023, o Itinerario ampliou a súa oferta a 23 cursos dispoñibles en formato virtual. Nesta edición, incorporamos un novo curso titulado 'Novas leis para atallar as violencias machistas: medidas normativas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero', reflectindo o compromiso da Universidade de Vigo con actualizar e fortalecer a formación sobre a lexislación de igualdade.

A divulgación da convocatoria realizouse amplamente mediante as [canles](#) oficiais da UVigo, incluíndo os distintos perfís da Unidade de Igualdade en redes sociais e na [páxina web](#) específica do itinerario. Adicionalmente, nesta edición intensificouse a estratexia de difusión con deseño e distribución de carteis informativos que se enviaron a todos os centros dos tres campus universitarios, garantindo así unha maior visibilidade e alcanzando unha audiencia máis ampla.

Nesta edición, tras completar os cursos, as persoas foron acreditadas cun documento interno en recoñecemento das súas horas de formación e tamén cunha insignia dixital accesible para descargarse unha vez cuberta a enquisa final de avaliación, como un recurso para visibilizar e para valorar a formación en igualdade en plataformas e redes sociais.



Universidade de Vigo
Pacto de Estado
XUNTA DE GALICIA

2. Datos de participación no itinerario formativo virtual en xénero

A participación no IFVX mantén unha alto número de inscricións, con 990 matrículas nesta última edición. Aínda que esta cifra supón un lixeiro descenso respecto a edición pasada, 1081, reflicte unha consolidada demanda formativa centrada na comunidade da Universidade de Vigo. Mantivéronse as 120 prazas por curso e, nesta ocasión, non se xeraron listas de agarda.

O rendemento acadado revela que a tendencia de non finalizar os cursos persiste, como é habitual neste tipo de formación, con porcentaxes de éxito que oscilan entre o 33,33 % e o 80,49 %, e que supón 586 cursos completados satisfactoriamente dentro do prazo da edición. A pesar dunha lixeira redución na taxa de eficiencia terminal en certas áreas, a porcentaxe media de éxito acadada foi do 58,88 %, superando o 57,45% da edición anterior e demostrando o sólido compromiso das persoas inscritas con esta proposta educativa.

CURSOS	Nº de matrículas	Nº de diplomas	%
A comunicación e o xénero	43	25	58,14
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	42	28	66,67
A perspectiva de xénero na educación	52	31	59,62
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	60	42	70,04
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabilidade	34	14	41,18
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	33	15	45,45
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	33	22	66,67
Economía de xénero	33	18	54,55
Educación afectivo-sexual	58	35	60,34
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	36	27	75,02
Intelixencia artificial e xénero	51	37	72,55
Introdución á perspectiva de xénero	45	22	48,89
Machismo dixital. A manófera	47	32	68,09
Mulleres e ciencia	26	18	69,23
Normativa básica de xénero	29	15	51,72
Novas masculinidades	41	33	80,49
Novas leis para atallar as violencias machistas	56	23	41,07
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	52	21	40,38
O xénero e o sexo no século XXI	33	11	33,33
Pensar o amor no século XXI	45	26	57,78
Políticas públicas de igualdade	39	28	71,79
Pornografía	59	40	67,81
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	43	23	53,49
TOTAL	990	586	58,88


Os datos actualizados por curso permiten observar o interese nas distintas temáticas ofertadas. Desta volta, os cursos A prostitución no marco do capitalismo neoliberal, Pornografía e Educación afectivo-sexual destacáronse, atraindo unha cantidade significativa de matriculas e reflectindo un interese significativo en comprender e cuestionar as dinámicas de poder e xénero destas tres accións formativas.

Aínda que se percibe un incremento da eficiencia terminal, cada curso presenta variacións na súa taxa de éxito, reflectindo os desafíos e o potencial de mellora na nosa oferta educativa. A Universidade de Vigo mantén o seu compromiso de elevar estas cifras e de consolidar o Itinerario como unha ferramenta clave na formación en igualdade de xénero, adaptada ás necesidades da súa comunidade universitaria.

a. Sexo das persoas participantes

Os resultados actualizados das enquisas de avaliación indican que o 84,81 % das persoas que completaron os cursos son mulleres, mentres que os homes representan só o 14,68 %. Un 0,51% corresponde a persoas que non se identifican con ningunha destas dúas categorías.

SEXO DAS PERSOAS PARTICIPANTES



A continuación presentamos os datos desagregados por acción formativas rematadas.

CURSOS	MULLERES	HOMES	OUTROS
A comunicación e o xénero	21	4	
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e a innovación	23	4	1
A perspectiva de xénero na educación	27	4	
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	38	4	
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e coresponsabilidade	13	1	
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	12	3	
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	18	4	
Economía de xénero	14	4	
Educación afectivo-sexual	31	3	1
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	25	2	
Intelixencia artificial e xénero	34	3	
Introdución á perspectiva de xénero	18	4	
Machismo dixital. A mansfera	26	6	
Mulleres e ciencia	16	2	
Normativa básica de xénero	12	3	
Novas masculinidades	25	8	
Novas leis para atallar as violencias machistas	21	2	
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	16	5	
O xénero e o sexo no século XXI	10	1	
Pensar o amor no século XXI	22	4	
Políticas públicas de igualdade	21	7	
Pornografía	35	4	1
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	19	4	
TOTAL	476	82	3

A participación nos cursos de formación en xénero mantéñese predominantemente feminina, seguindo as tendencias das edicións pasadas. Con todo, observamos unha diminución proporcional na participación masculina. Na edición anterior, 507 mulleres e 149 homes completaron os cursos, mentres que nesta edición as cifras son de 497 mulleres e 86 homes.

Reiteramos a nosa conciencia de que é imprescindible intensificar os esforzos para captar un espectro máis amplo e diverso de participantes nos cursos de formación en xénero. É unha prioridade clave para nós incrementar a implicación de todos os sectores da comunidade universitaria na nosa oferta formativa, superando as barreiras de xénero.

O interese en aumento pola formación en xénero, agora recoñecido como un elemento crítico nos criterios de selección do programa Horizonte Europa, subliña a importancia e o impacto desta formación. A nosa proposta de formación flexible, que permite iniciar e progresar segundo as necesidades e ritmos persoais, resulta unha ferramenta útil e moi valorada. Esta non só chama a atención de unha ampla gama de integrantes da comunidade educativa, senón que tamén promove o desenvolvemento de competencias profesionais e incentiva a excelencia. Desde a Unidade de Igualdade temos un compromiso de continuar coa mellora e adaptación dos nosos programas para atender eficazmente ás expectativas e intereses variados dos noso estudiantado e do persoal da UVigo.

b. Vinculación coa universidade

Na análise da relación coa Universidade de Vigo desta edición, non se observan cambios significativos nos patróns de vinculación. O grupo máis numeroso segue sendo o alumnado, que agora constitúe o 60 % do total. Dentro deste grupo, o 85,88 % son mulleres, o 13,28 % son homes e un 0,85 % identifícase como outro. Este incremento na representación do alumnado sinala un avance continuo na integración da perspectiva de xénero na educación universitaria.

O segundo grupo en tamaño é o de persoas con outra vinculación á Universidade, representando o 24,6 % do total, sendo a maioría mulleres (93,79%). A pesar de que a comunicación da edición actual estivo principalmente dirixida á comunidade universitaria, mantivemos inscricións de persoas sen vínculos directos coa institución, mostrando unha tendencia similar á da edición pasada.

O terceiro grupo máis grande é o PDI, cun 9 % do total, e unha distribución de xénero de 73,58 % mulleres e 26,42 % homes. Observamos aquí uns datos similares aos da edición anterior na participación por xénero.

Finalmente, o persoal de administración e servizos (PAS) representa o 6 % do total, cun 52,78 % de mulleres e un 47,22 % de homes, reflectindo unha distribución máis equilibrada en comparación cos outros grupos.



	PDI	PAS	ALUMNADO	OUTRA VINCULACIÓN
MULLERES	39	19	304	136
HOMES	14	17	47	9
OUTRO	0	0	3	0
TOTAL	53	36	354	145

Informe de resultados das enquisas de avaliación do Itinerario formativo virtual de xénero (9ª edición)

A seguinte táboa mostra os datos desagregados por sexo do alumnado en relación coa Universidade de Vigo en cada un dos distintos cursos desta edición do Itinerario.

CURSOS	PDI			PAS		
	Mulleres	Homes	Outra Categoría	Mulleres	Homes	Outra Categoría
A comunicación e o xénero	0	1	0	3	1	0
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigac...	4	1	0	1	1	0
A perspectiva de xénero na educación	4	1	0	0	1	0
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	0	1	0	0	0	0
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabili...	2	0	0	2	0	0
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	0	0	0	0	1	0
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	4	1	0	1	1	0
Economía de xénero	0	0	0	0	1	0
Educación afectivo-sexual	1	0	0	1	0	0
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	6	1	0	0	0	0
Intelixencia artificial e xénero	7	1	0	4	0	0
Introdución á perspectiva de xénero	0	0	0	0	1	0
Machismo dixital. A manófera	2	1	0	0	1	0
Mulleres e ciencia	2	0	0	0	0	0
Normativa básica de xénero	0	0	0	1	1	0
Novas leis para atallar as violencias machistas	0	1	0	4	1	0
Novas masculinidades	0	1	0	0	1	0
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	0	1	0	1	1	0
O xénero e o sexo no século XXI	0	0	0	0	0	0
Pensar o amor no século XXI	1	1	0	0	1	0
Políticas públicas de igualdade	1	0	0	1	3	0
Pornografía	0	1	0	0	0	0
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	5	1	0	0	1	0
TOTAL	39	14	0	19	17	0

CURSOS	ALUMNADO			OUTRA VINCULACIÓN		
	Mulleres	Homes	Outra Categoría	Mulleres	Homes	Outra Categoría
A comunicación e o xénero	12	1	0	6	1	0
A inclusión da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigac...	11	2	1	7	0	0
A perspectiva de xénero na educación	13	2	0	10	0	0
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	29	3	0	9	0	0
A sustentabilidade da vida no centro. Conciliación e corresponsabili...	6	1	0	3	0	0
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	8	2	0	4	0	0
Dimensión de xénero nos proxectos I+D+I das TIC	9	2	0	4	0	0
Economía de xénero	9	3	0	5	0	0
Educación afectivo-sexual	20	3	1	9	0	0
Inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria	10	1	0	9	0	0
Intelixencia artificial e xénero	14	1	0	9	1	0
Introdución á perspectiva de xénero	16	3	0	2	0	0
Machismo dixital. A manófera	14	3	0	10	1	0
Mulleres e ciencia	10	2	0	4	0	0
Normativa básica de xénero	9	1	0	2	1	0
Novas leis para atallar as violencias machistas	13	1	0	5	0	0
Novas masculinidades	17	3	0	8	3	0
O acoso sexual e o acoso en función do sexo: Unha inxustiza invisible	9	2	0	6	1	0
O xénero e o sexo no século XXI	8	1	0	2	0	0
Pensar o amor no século XXI	16	2	0	5	0	0
Políticas públicas de igualdade	13	3	0	6	1	0
Pornografía	28	3	1	7	0	0
Tres pensadoras na historia da teoría feminista	10	2	0	4	0	0
TOTAL	304	47	3	136	9	0

3. Valoración de diversos aspectos do Itinerario



A través dun formulario en liña recolléronse as percepcións e valoracións das persoas participantes no Itinerario Formativo Virtual de Xénero. Esta enquisa é un requisito para a obtención do distintivo dixital EU TEÑO FORMACIÓN EN IGUALDADE.

Cada persoa tiña que valorar distintos aspectos da oferta formativa, incluíndo a duración dos cursos, a súa utilidade, o grao en que se cumpriron as expectativas iniciais, o deseño e estrutura dos cursos en formato MOOC, a experiencia de uso da plataforma Moovi e a súa impresión global do curso. As opcións de resposta utilizan unha escala entre «moi ben» e «moi mal» para cada aspecto.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal	Moi Mal
Duración da actividade	423	100	27	13	0
Utilidade do curso	389	131	35	8	0
Grao en que cumpriu as súas expectativas	357	144	47	14	1
O curso está deseñado para a docencia en liña autónoma (tipo MOOC). Paréceche correcta a súa estrutura?	449	91	15	6	2
O curso desenvolveuse na plataforma Moovi. Como a calificarías?	447	93	19	4	0
En conxunto, como calificarías o curso	357	175	26	2	3

Os resultados xerais da avaliación mostran unha alta satisfacción, o que indica unha recepción favorable das metodoloxías e contidos ofertados.

a. Duración das actividades formativa

Moi ben	423	75,13%
Ben	100	17,76%
Regular	27	4,80%
Mal	13	2,31%
Moi mal	0	0,00%

Na nova edición do Itinerario, a percepción da duración das actividades formativas mellorou significativamente. Un 75,13 % valorou a duración como «moi ben», un aumento relevante en comparación co 67,17% da edición anterior. Sumando o 17,76 % que sinalou a duración como «ben», chegamos a un 92,89 % de satisfacción coa duración dos cursos.

Este recoñecemento positivo confirma que a extensión dos cursos está ben axustada tanto nas horas previstas de dedicación como no tempo dispoñible para completalos, reforzando o noso compromiso de ofrecer unha formación accesible e xestionable dentro dos tempos da vida académica.

b. Avaliación da utilidade da actividade

Moi ben	389	69,09%
Ben	131	23,27%
Regular	35	6,22%
Mal	8	1,42%
Moi mal	0	0,00%

A percepción da utilidade dos nosos cursos mellorou notablemente nesta última edición. Un 69,09 % do alumnado coincide na valoración máis alta, superando o 62,46 % da edición previa. Este incremento resalta o noso compromiso por proporcionar unha formación que non só responda ás necesidades da comunidade universitaria senón que tamén afronte e mitigue as disparidades de xénero que aínda existen en moitos ámbitos académicos e profesionais.

c. Grao en que cumpriu as expectativas

Moi ben	357	63,41%
Ben	144	25,58%
Regular	47	8,35%
Mal	14	2,49%
Moi mal	1	0,18%

Cando nos centramos no cumprimento das expectativas iniciais, constatamos unha lixeira suba na satisfacción xeral. Un 63,41 % das persoas participantes indicaron que os cursos cumpriron «moi ben» as súas expectativas, o que representa un aumento en comparación co 61,25 % da edición pasada. Este dato, xunto co 25,58 % que opinou que os cursos foron «ben», confirma que a maior parte de participantes valora positivamente esta experiencia formativa.

Este aumento na satisfacción xeral e no cumprimento das expectativas sinalan que estamos no camiño correcto. Non obstante, estamos atentos ás valoracións e comentarios para seguir mellorando e para que as futuras edicións do Itinerario sigan sendo un referente de calidade e relevancia no ámbito da formación en igualdade.

4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma Moovi

a. Valoración da estrutura do MOOC

Moi ben	449	79,75%
Ben	91	16,16%
Regular	15	2,66%
Mal	6	1,07%
Moi mal	2	0,36%

A valoración da estrutura do noso MOOC segue unha tendencia ascendente notable. Nesta última edición, un 79,75 % de participantes avaliaron a estrutura como «Moi ben», reflicte un incremento significativo en comparación co 69,60 % da edición previa. Este aumento na satisfacción reforza o noso entendemento de que as modalidades de ensino en liña, especialmente aquelas que ofrecen autonomía e flexibilidade como os MOOC, continúan sendo altamente valoradas.

b. Valoración da Plataforma Moovi

Moi ben	447	79,40%
Ben	93	16,52%
Regular	19	3,37%
Mal	4	0,71%
Moi mal	0	0,00%

En canto á valoración da plataforma Moovi, os resultados son positivos. A calidade da plataforma foi recoñecida por un 79,40 % do usuariado que a describiron coa puntuación máis alta, unha mellora significativa en comparación co 67,48 % da 8ª edición.

Aínda que as respostas negativas foron escasas, cada unha delas é considerada unha oportunidade para realizar axustes e mellorar este programa formativo en xénero.

5. Cualificación xeral do itinerario

Moi ben	357	63,41%
Ben	175	31,08%
Regular	26	4,62%
Mal	2	0,36%
Moi mal	3	0,53%

A valoración do Itinerario Formativo Virtual en Xénero na súa última edición reflicte unha tendencia ascendente na satisfacción do alumnado, non só respecto á edición inmediatamente anterior senón tamén en comparación coas edicións pasadas. A porcentaxe de respostas que cualificaron o itinerario como «moi ben» incrementouse a un 63,41 %, mostrando unha mellora continua e unha recuperación significativa tras a lixeira caída na valoración observada anteriormente. Xunto ao 31,08 % que avaliou o itinerario como «ben 175, este dato revela unha valoración global moi positiva do 94,49 % das persoas participantes, superando a apreciación xeral das últimas dúas edicións.

Este incremento na satisfacción resalta a relevancia e o compromiso do noso itinerario de proporcionar unha experiencia educativa de alta calidade. A pesar de que a maior parte de estudantes expresan unha gran satisfacción, continuamos prestando atención e sendo conscientes de que hai espazo para melloras. O noso obxectivo é seguir actualizando os nosos contidos e métodos para asegurar que cumprimos coas expectativas e necesidades de quen participa no noso itinerario formativo.

6. Conclusións finais e respostas abertas

Desde a Unidade de Igualdade, queremos destacar o impacto continuado e o valor significativo do Itinerario Formativo Virtual en Xénero na súa última edición. A pesar de observar unha lixeira redución nas matrículas comparado coa edición anterior, a alta taxa de finalización dos cursos e as valoracións positivas indican un compromiso sólido e un interese sostido na formación en xénero dentro da nosa comunidade universitaria.

A plataforma Moovi e a estrutura dos MOOC foron ben recibidas, como se demostra nas valoracións positivas desta edición, que superan as da edición anterior, e valora o noso compromiso por proporcionar unha experiencia educativa accesible e adaptada á comunidade universitaria.

Nesta edición, a participación continuou sendo predominantemente feminina. Observouse unha diminución na participación dos homes, o que subliña a necesidade de intensificar os esforzos para atraer unha maior diversidade de participantes nos cursos de formación en xénero. Este cambio indica a necesidade de alcanzar unha audiencia máis ampla e diversa.

Con todo os resultados das enquisas de avaliación mostran unha percepción moi positiva do Itinerario. As persoas participantes expresaron unha alta valoración sobre a utilidade dos cursos, a satisfacción coa duración das actividades e unha gran conformidade co cumprimento das súas expectativas. A pesar

dun incremento na satisfacción xeral, é importante notar que sempre hai espazo para a mellora especialmente na xestión das expectativas e na comunicación coa comunidade universitaria.

En conclusión, a Unidade de Igualdade comprométese a continuar adaptando o Itinerario para atender de forma eficaz ás necesidades e intereses en constante evolución da nosa comunidade. O Itinerario Formativo Virtual en Xénero da Universidade de Vigo segue sendo un referente na promoción da igualdade de xénero na educación superior, reforzando o noso papel neste ámbito.

a. Respostas abertas

Nas respostas abertas atopamos comentarios sobre os cursos concretos, sobre o Itinerario en xeral e o seu interese e necesidade para completar a formación académica e habilitarse profesionalmente de forma máis completa. Tamén atopamos referencias a docentes, valorando a súa forma de abordar o curso. É habitual, entre os comentarios escritos que se solicite maior profundidade nos temas tratados e continuación dos cursos.

Este tipo de cursos axudan a ter unha visión máis clara de como é a realidade social das mulleres en determinados eidos, neste caso o da comunicación; con argumentos claros e fundamentados, ao tempo que moi accesibles, xa que están expostos de xeito moi divulgativo.

O máis positivo para min é que sexa un curso autónomo, xa que unha mesma marca o ritmo e pode deterse máis ou menos en certas cuestións que interesan máis ou que descoñecía. Ademais considero que apórtase moitísima información, os recursos non son só pdf senon que tamén introducen vídeos, algo que o fai moito máis dinámico.

Gústame a alta especialización da docente. O seu discurso é moi enriquecedor e agradezo o acceso á bibliografía para ampliar coñecementos.

Son píldoras formativas moi útiles, que nos permiten ampliar coñecementos e estar ao tanto da actualidade en materia de xénero. Son altamente didácticos os vídeos explicativos coa presentación e a explicación da experta.

A formación pra min é moi beneficiosa, pois na carreira de Dereito fálase a grandes rasgos da violencia de xénero e móstranse as súas consecuencias en canto á competencia de órganos, mais non se entra a analizar o Convenio de Estambul entre outras cousas dadas neste curso.

Resultoume interesante algunha ferramenta aportada, como a web que contabiliza e rexistra noticias ou outras pezas xornalísticas con presenza de mulleres e en que rol, e tamén exemplos como o de Yolanda Martínez. En xeral os textos eran didácticos, fáciles de ler e interesantes.

Temática moi interesante. Curso con exemplos prácticos que non hai noutros cursos de temática de xénero.

Permite reflexionar sobre a aplicación práctica da temática de xénero nos proxectos. Aporta visións que na maioría dos casos non se formulan durante a formación universitaria de grao e máster.

Achega moita información sobre científicas que cada vez comezan a ser máis recoñecidas a través da información que comeza a difundirse sobre elas.

b. Comentarios do alumnado

Tamén se habilita un apartado para que as persoas que completan algún dos cursos do Itinerario poidan facer achegas sobre temas que lles parezan de interese para incorporar en novas accións formativas.

- Realización de TFG e TFM con perspectiva de xénero
- Mellora na xestión das redes sociais da universidade para incluír a perspectiva de xénero
- Perspectivas de xénero na filloxía e na tradución
- Cursos específicos sobre os servizos de información a mulleres
- Xestión de redes sociais sen nesgo de xénero
- A igualdade na clase e as formas de tratala
- A cultura da violación
- Trata de persoas
- A submisión química e os delitos sexuais

- Máis cursos sobre sexualidade e pornografía
- Fenda salarial en Galicia
- Perspectiva de xénero/sexo en Ciencias Sociais como o Dereito
- Debate en torno á división do feminismo na actualidade
- As dinámicas nas parellas non heterosexuais
- O xénero na actualidade